

Declaración de Sevilla sobre a Integración da Dimensión Social na Investigación e Xestión das Paisaxes Culturais



Introducción

Os días 30 de novembro e 1 de decembro de 2022 celebrouse en Sevilla o *Simposio Internacional Paisaxes Culturais e Percepcións Sociais*, acto final do proxecto *Paisaxe e Sociedade. Análise da Percepción Social en Paisaxes Culturais (PAYSOC)** dirixida polo Instituto Andaluz do Patrimonio Histórico coa colaboración da Universidade de Sevilla, a Universidade Europea de Canarias, a Universidade Pablo de Olavide e a Universidade de Ferrara. Neste Simposio déronse cita especialistas de Portugal, Francia, Italia e España para presentar os resultados das súas investigacións en relación os aspectos teóricos e metodolóxicos e experiencias prácticas de integración da dimensión social na investigación e xestión das paisaxes culturais.

En xeral, neste foro reclamouse a integración da dimensión social en todos os aspectos que incumben a investigación e xestión das paisaxes culturais, tanto para a súa identificación e caracterización, como para a definición e aplicación de obxetivos de calidade paisaxística. Neste contexto, a dimensión social enténdese como o conxunto de aspectos que se refiren á interacción entre a sociedade e as paisaxes, tanto no pasado como no presente, incluíndo os aspectos perceptivos, sensoriais e emocionais, as representacións sociais e a participación activa da poboación na súa investigación e xestión.

En consecuencia, a presente Declaración redacta-se facendo un especial fincapé nas paisaxes culturais, aquelas recoñecidas polos seus valores patrimoniais polas administracións con competencias na xestión do patrimonio cultural, aínda que os seus e as súas asinantes entenden

que a súas consideracións poderíanse estender a todas as paisaxes. Así mesmo, aliñase cos principios que sobre esta materia plasmaronse en anteriores acordos de ámbito internacional, entre os que destacan os seguintes:

- a) *Recomendación R(95) sobre a conservación integrada das áreas de paisaxe cultural como parte das políticas de paisaxe* (Consello de Europa, 1995) no que se refire á definición das áreas de paisaxe cultural (Artigo 1), a efectiva participación da poboación nos procesos de avaliación e xestión da paisaxe (Artigo 4.4.viii) e a integración da comprensión de como se percibiu a paisaxe na historia dos programas formativos (Artigo 9.2.c).
- b) *Convención de Aarhus sobre o acceso á información, a participación pública na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia ambiental* (Comisión Económica para Europa da Organización das Nacións Unidas, 1999), considerando o estado dos sitios culturais e das contrucións como parte da información ambiental na medida na que xean ou poidan verse alterado polo estado dos elementos do medio ambiente (Artigo 3c)
- c) *Convenio do Consello de Europa sobre a Paisaxe* (Consello de Europa, 2000) en relación coa importancia dada á percepción da poboación na definición da paisaxe (Artigo 1) e a participación pública na formulación e aplicación das políticas de paisaxe (Artigo 1) 5c) especialmente na definición dos obxetivos de calidade paisaxística (Artigo 6.2.D)
- d) *Convenio de Faro sobre o valor do Patrimonio Cultural para a sociedade* (Consello de Europa, 2005), no que se refire ao dereito da sociedade ao patrimonio cultural que impregna toda a Convención, especialmente no seu Artigo 4, e á participación democrática en

todos os aspectos relacionados co o seu coñecemento e xestión (Artigo 12).

- e) *Declaración de Xi'an sobre a Conservación do entorno das estruturas, sitios e espazos patrimoniais* (ICOMOS, 2005) que considera que reciben o seu significado e carácter distintivo da percepción dos seus valores sociais, espirituais, históricos, artísticos, estéticos, naturais, científicos ou doutra natureza cultural (Art.2)
- f) *Carta Cultural Iberoamericana* (OEI, 2006), que sustentase nunha serie de principios, entre os que se inclúen a participación da cidadanía como aspecto esencial para o desenvolvemento das culturas.
- g) *Resolución do Parlamento Europeo, do 8 de setembro do 2015, cara a un enfoque integrado do patrimonio cultural europeo* (Parlamento Europeo, 2015), que apoia o deseño de novos modelos de gobernanza participativa para a súa xestión (Artigos 14 a 21)
- h) *Recomendación (2017)1, do Consello de Ministros aos Estados membros sobre a Estratexia Europea do Patrimonio Cultural para o século XXI* (Consello de Europa, 2017) dedicada o apartado VI.I. as relacións entre o patrimonio e sociedade e á gobernanza participativa para a transmisión dos valores democráticos e de boa xestión.
- i) *Orientacións prácticas para a aplicación da Convención do Patrimonio Mundial, Natural y Cultural* (Unesco), que promove a participación das comunidades locais e doutras partes interesadas na preparación das listas indicativas (Art.64); nos plans de xestión (Art. 111a); no uso sostible dos bens (Art. 119); na elaboración das propostas de inscrición (Art. 123); nos obxetivos de promover o apoio ao Convenio (2011d) e nas actividades educativas (Art. 220). Do mesmo xeito, propón a integración das percepcións e a

asociación de ideas e das conexións visuais nos plans de xestión considerando un contorno que poida trascender o da propia zona de amortiguamento dos bens declarados (Art. 112).

- j) En base a ditos principios, da propia bagaxe científico-técnico dos que asinan esta Declaración e no marco da necesaria execución dos acordos internacionais citados con anterioridade, apróbase remitir ao Consello de Europa, ao Centro do Patrimonio Mundial e ao ICOMOS as seguintes recomendacións:

1. Considerar a posición de todas as partes interesadas na investigación e xestión das paisaxes culturais

É necesario identificar adecuadamente todas as partes interesadas na execución de proxectos de investigación e xestión nas paisaxes culturais, tanto as que representan as posicións maioritarias como as minoritarias, como a súa capacidade de influencia procurando sempre integrar o conxunto de axentes presentes en elas. Nesta tarefa, a elaboración dun mapa de axentes que reflecta a súa estrutura social, relacións e intereses constitúe, polo tanto, o punto de partida.

2. Coñecer as percepcións e representacións sociais das paisaxes culturais

O coñecemento das percepcións e das representacións sociais das paisaxes culturais é un imperativo, non só polo propio coñecemento, senon tamén para a aplicación do *Convenio do Consello de Europa sobre a Paisaxe*, que incorpora os aspectos perceptivos na súa propia

definición. Os instrumentos para obter estes coñecementos son variados e deben basearse na aplicación tanto de técnicas cuantitativas como cualitativas por parte do persoal técnico especializado, atendendo sempre as diferentes posicións discursivas e sen esquecer os puntos de converxencia ou disidencia entre axentes. Tamén hai que ter en conta que as percepcións inclúen as locais e as estranxeiras; as colectivas e as individuais; as pasadas e as presentes; as emocionais e as sensoriais e que todas elas poidan reflectir nas imaxes que proxectan a arte, a literatura, a promoción turística, os medios de comunicación, as redes sociais, o ámbito académico ou as institucións, entre outras.

3. Garantir o desenvolvemento da investigación sobre a dimensión social da paisaxe

O desenvolvemento de investigacións innovadoras sobre todos os aspectos relacionados coa dimensión social das paisaxes culturais reforzará a solvencia na aplicación dos métodos e técnicas para a súa análise e aplicación na investigación e xestión dos paisaxes culturais. Fomentárase as investigacións interdisciplinares, transnacionais e de ciencia pública, así como os eventos científico-técnicos para favorecer o intercambio de ideas e experiencias.

4. Integrar as percepciónes e representacións sociais nas normas e estratexias paisaxísticas

Cada escala de acción política (internacional, nacional, rexional ou local) e de ámbito sectorial (cultura, medio ambiente, turismo, urbanismo e ordenación do territorio, agricultura, industria e enerxía) debe

desenvolver normas e estratexias para a paisaxe cultural tendo en conta a diversidade de puntos de vista, é dicir, das percepcións e representacións sociais das paisaxes, así como o conxunto de propostas asociadas a cada unha delas.

5. Asegurar a incorporación da dimensión social nas políticas territoriais

Todas as políticas relacionadas coa ordenación do territorio, a agricultura, as infraestruturas, o urbanismo, a enerxía, o turismo, o medioambiente e o patrimonio natural e cultural con competencias na xestión das paisaxes culturais deben incluír a súa dimensión social para mellorar a súa protección, xestión e ordenación mediante accións concertadas. Este é o único xeito de sentar as bases para unha gobernanza real e efectiva das paisaxes culturais.

6. Sensibilizar sobre a importancia dos valores paisaxísticos na calidade de vida e no fortalecemento das culturas locais

Unha xestión eficiente require que as partes interesadas -poboación local e visitante, asociacións, institucións educativas, cargos electos locais, profesionais e sociedade civil en xeral- dispoñan da formación necesaria, tanto para actuar como enlaces das distintas operacións de recollida de información sobre as percepcións e representacións sociais das paisaxes culturais, como definir os obxetivos de calidade paisaxística e participar na súa aplicación e seguimento.

7. Sensibilizar, formar e educar para preservar as paisaxes culturais e promover unha cultura da paisaxe atenta aos seus valores.

Faise necesario integrar nos plans de comunicación e nos programas de formación e educación contidos relacionados cos valores patrimoniais, materiais e inmateriais, das paisaxes culturais, co fin de favorecer o seu respecto, tanto pola parte das poboacións locais, como por parte de quen teña responsabilidades na súa xestión ou desenvolvan en elas actividades económicas, especialmente as relacionadas co turismo e outras actividades de lecer.

8. Promover unha participación social efectiva

A participación social covertese nun principio indispensable para calquera actuación a prol do mantemento ou mellora da calidade das paisaxes. A diferenza doutros bens do patrimonio cultural, as paisaxes culturais transfórmanse e é necesario liderar os seus cambios desenvolvendo os instrumentos necesarios. Os procesos participativos pódense aplicar tanto para a identificación e caracterización das paisaxes culturais, como para o estudo das percepcións e representacións sociais ou a definición e seguimento dos obxetivos de calidade paisaxística, tendo sempre en conta as diferentes posicións e puntos de vista derivados das características concretas da estrutura social e económica existente en cada caso.

ASINANTES

Juan José Primo Jurado. Director del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico.

Ramón A. Pico Valimaña. Director de la Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Sevilla

Blanca del Espino Hidalgo. Jefa del Centro de Documentación y Estudios del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico.

Instituto Andaluz de Patrimonio Histórico (Laboratorio del Paisaje Cultural)

Silvia Fernández Cacho

Isabel María Durán Salado.

José Manuel Díaz Iglesias

Jesús Cuevas García

José María Rodrigo Cámara

Universidad de Sevilla

María Jesús Albarreal Núñez. Escuela Técnica Superior de Ingeniería de la Edificación.

Víctor Fernández Salinas. Departamento de Geografía Humana.

Mar Loren-Méndez. Departamento de Historia, Teoría y Composición Arquitectónica.

Federico Pozo Cuevas. Departamento de Sociología

Adrián Rodríguez-Segura. Departamento de Historia, Teoría y Composición Arquitectónica.

Università Cà Fosari di Venezia

Francesco Vallerani. Dipartimento di Economia.

Universidad de Lisboa

Rosario Oliveira. Instituto de Ciências Sociais.

Universidad Europea de Canarias

Elena Pérez González. Facultad de Ciencias Sociales.

Centre National de la Recherche Scientifique et Université Paris 1 Panthéon-Sorbonne

Yves Luginbühl. Unité Mixte de Recherche Laboratoire Dynamiques Sociales et Recompositions des Espaces

Università degli Studi di Ferrara

Francesca Leder. Dipartimento di Architettura

Consejo Superior de Investigaciones Científicas (Instituto de Ciencias del Patrimonio)

César González Pérez

Patricia Martín Rodilla

Junta de Andalucía y Universidades Públicas andaluzas

(Centro de Estudios Paisaje y Territorio)

Juan José Domínguez Vela

Irena García Vázquez

Jesús Rodríguez Rodríguez

Carmen Venegas Moreno

Universidade do Minho

Rebeca Blanco Rotea. Laboratório de Paisagens, Património e Território.

Universidad Complutense de Madrid

Alicia Castillo Mena. Grupo de Investigación Gestión del Patrimonio Cultural.

Universidad Politécnica de Madrid

Nicolás Mariné Carretero. Grupo de Investigación Paisaje Cultural

Universitat Politècnica de Catalunya

Joaquín Sabaté Bel. Laboratorio Internacional de Paisajes Culturales.

Observatori del Paisatge de Catalunya

Pere Sala i Martí. Direcció

Profesionales

Chiara Spadaro. Antropóloga

Ana Coronado Sánchez. Arquitecta

Francesca Eugenia Damiano. Arquitecta



* O proxecto PAYSOC (RTI2018-096611-B-100) foi financiado polo MCIN/AEI/10.13039/501100011033 e polo FEDER «Unha forma de facer Europa»